

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes veciñais de Pontevedra, dictou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

ASISTENTES

PRESIDENTE

D. José A. López Rodríguez
(Delegado Provincial da Consellería de Medio Ambiente)

VOCALIS

Dña. Mª Luisa Pardavila Pazos
(Avogado polo Colexio da provincia)
D. Manuel Francisco Gutierrez
(Xefe do Servicio de Montes e Industrias Forestais)
D. Luis Mª Muiños Vidueira
(Letrado da Asesoría Xurídica da Xunta)

VOCALIS REPRESENTANTES DA PARROQUIA DE CASTRELOS DO CONCELLLO DE VIGO
D. César Outerelo González
D. Abdón Escariz Vázquez

SECRETARIA

Dña. Pilar Pita Ponte
(Xefa de Sección do Servicio Técnico-Xurídico da Delegación de Medio Ambiente)

Na cidade de Pontevedra, sendo as dezasete horas do día vinte de febreiro do 2003, coa asistencia das persoas ó marxe reseñadas, reúnese na 3ª planta do edificio sito no nº 47 da rúa Benito Corbal o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ó obxecto de decidir sobre a clasificación do monte "Castrelos" da parroquia de Castrelos do concello de Vigo.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Con data 3 de febreiro de 1992, D. Jerónimo A. Escariz Vázquez, no nome e representación da Xunta provisional de montes veciñais en man común da parroquia de Castrelos, solicita a clasificación como veciñais en man común dos montes "A Mina ou Asno Morto, A Serra, Outeiro, Porto Loureiro e As Barallas da parroquia de Castrelos, do concello de Vigo.

SEGUNDO.- En data 11 de febreiro de 1992 o Xurado Provincial acordou iniciar os trámites para a clasificación dos devanditos montes, así como a remisión do expediente ó Servicio de Montes e Industrias Forestais da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, que remitiu informe o 27 de xaneiro de 1998.

TERCEIRO.- Na sesión de 22 de xullo de 1998, o Xurado adoptou o acordo de nomear ponente do expediente de clasificación a D. José Barreiro Prado.

CUARTO.- Cumprida e observada a tramitación legal e regulamentariamente esixida, no preceptivo trámite de audiencia o solicitante presentou alegacións nas que expón os fundamentos xurídicos que considera pertinentes as súas pretensións.

QUINTO.- Na reunión do Xurado do 24 de febreiro de 1999 a proposta do Ponente acordase solicitar un informe complementario ó Servicio de Montes e Industrias Forestais, e que unha vez recibido dar traslado ó solicitante para alegacións.

SEXTO.- Na sesión do Xurado de 12 de decembro do 2001 nomeouse nova instructora a Dna. M^a Luisa Pardavila Pazos.

SÉTIMO.- En cumprimento do referido acordo, o 7 de novembro de 2002, ábrese novo trámite de audiencia, no que o solicitante presentou escrito remitíndose ás alegacións que xa tiña presentadas.

OITAVO.- Que visto o informe preceptivo do Servicio de Montes e Industrias Forestais, o informe complementario do mesmo Servicio e efectuada visita ó terreo, os montes obxecto do presente expediente de clasificación, obedecen a seguinte descrición:

Concello: Vigo
Parroquia: Castrelos

Nome do monte: "A Mina"
Cabida: 4,50 Has.

Lindes:

Norte: Estrada "camiño de Galindra" e camiño particular con murete lateral
Sur: Camiño acceso ó campo de fútbol, camiño e muro de finca particular
Leste: Muro finca particular e camiño de Galindra
Oeste: Camiño particular, finca particular e camiño acceso ó campo de fútbol
Neste monte existen dous enclavados coas seguintes superficies:

Enclavado 1: 1,5 Has.
Enclavado 2: 1,3 Has.

Nome do monte: "A Serra"
Cabida: 3,50 Has. Superficie amolloada: 2,6 Has.

Lindes:

Norte: Camiño do Monte da Serra e propiedades particulares
Sur: Propiedades particulares
Leste: Propiedades particulares
Oeste: Camiño do Monte da Serra e propiedades particulares
Neste monte existen dous enclavados coas seguintes superficies:

Enclavado 3: 0,33 Has.
Enclavado 4: exterior á superficie total: 0,66 Has.

Nome do monte: "Outeiro"

Cabida: 0,60 Has.

Lindes:

Norte: Camiño do Río

Sur: Propiedades particulares

Leste: Propiedades particulares

Oeste: Propiedades particulares

Nome do monte: "Porto Loureiro"

Cabida: 0,1 Has.

Lindes:

Norte: Propiedades particulares

Sur: Propiedades particulares

Leste: Propiedades particulares

Oeste: pista

Nome do monte: "As Barallas"

Cabida: 0,4 Has.

Lindes:

Norte: Propiedades particulares

Sur: Propiedades particulares

Leste: Propiedades particulares

Oeste: Propiedades particulares

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer los expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a tenor do establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común.

Segundo.- De conformidade co artigo 1 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común, e no artigo 1 do Decreto 240/1992 do 4 de setembro, comprende por montes veciñais en man común "*... os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades productivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cuotas, os membros daquelas na súa condición de veciños*".

Así, segundo abundosa xurisprudencia, o feito que xustifica a clasificación ou non como veciñal dun determinado monte, en vía administrativa, é a circunstancia de terse ou non demostrado o aproveitamento consuetudinario en man común, prescindindo das cuestións relativas á propiedade e demais dereitos reais.

Terceiro.- Aínda que o representante da Xunta provisional acompañou coa solicitude copia de documentos onde se pode constatar que en tempos máis ou menos antigos os referidos montes tiveran un uso comunal, tales probas non se consideran suficientes tendo en conta a evolución lexislativa deste tipo de propiedade característica do dereito civil de Galicia, recoñecéndoselle o carácter de “imprescritibilidade” a partir da Compilación Foral de Galicia de 1963, sendo este dato fundamental na interpretación do artigo primeiro da Lei 13/1989 onde se definen os montes veciñais en man común, por dous elementos característicos que son a súa pertenza a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e que se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cuotas polos veciños.

Esta segunda característica dos montes veciñais, como xa ten dito o Tribunal Supremo na Sentencia de data 24/04/00 e o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, constitúe unha clara referencia a un período temporal de presente, e non dun pasado máis ou menos remoto.

A entidade promotora do expediente non achegou ningunha proba para acreditar a existencia do uso comunal durante as últimas décadas polo que, forzosamente, témonos que basear nos informes emitidos polo Servicio de Montes e Industrias Forestais.

“A MINA”.- Nesta parcela púdose apreciar a existencia dun uso comunal eminentemente recreativo e de aproveitamentos forestais (esquilmes e talas) ocasionais, exceptuando os dous enclavados ocupados por instalacións deportivas e edificacións, nos que o uso é eminentemente público.

“A SERRA”.- Do mesmo xeito, nesta parcela puidose apreciar un uso comunal claro, caracterizado por aproveitamento de produtos forestais, pastoreo, e como área de recreo, mesmo hai unha zona repoboada pola “Asociación de Veciños” coa colaboración do Concello; exceptuando os dous enclavados nos que existen distintas edificacións e vivendas onde non se constatou ningún uso comunal

“OUTEIRO”.- A existencia do uso veciñal tamén é claro nesta parcela.

“PORTO LOUREIRO”.- Trátase dunha pequena parcela lindante coa vía pública, que pola súa reducida superficie non é susceptible de aproveitamento comunal como, efectivamente, resulta do feito de que non se poidera constatar ningunha sinal de aproveitamento comunal.

“AS BARALLAS”.- O estado desta finca é de abandono, non se aprecia ningún uso comunal, e polo contrario concorre un uso particular de residencia de varias familias de étnia xitana.

En consecuencia, vista a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común e o seu Regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios de xenérica e específica aplicación, proponse polo Instructor e de maneira unánime o Xurado **ACORDA**:

CLASIFICAR como veciñais en man común os montes **“A MINA, A SERRA E OUTEIRO”** a excepción dos enclaves existentes nos dous primeiros, a favor da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común da parroquia de Castrelos do concello de Vigo, correspondéndose coas descripcións reflexadas no feito oitavo, coas salvedades de que a superficie clasificada do monte **“A MINA”** é de 1,7 Has. e a do monte **“A SERRA”** é de 2,51 Has, xa excluídos os enclavados, así como a planimetría elaborada para o efecto polo Servizo de Montes e Industrias Forestais que forma parte inseparable desta Resolución.

NON CLASIFICAR como veciñais en man común os montes **“PORTO LOUREIRO e AS BARALLAS”** por non quedar acreditado o seu aproveitamento veciñal.

Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.





Nº DA FOLLA

OBSERVACIONS :

AUTOR : SECCIÓN DE TOPOGRAFIA

DATA : 08/03/2002

TRABALLO : CLASIFICACIÓN DO MONTE DA MINA

ESCALA : 1/2000

CONCELLO : VIGO

PARROQUIA : CASTRELOS



CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

SERVICIO DE MONTES

DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA

